



DECRETO

Descrición decreto: Avocación de competencias

Expediente: 1380/2024

Asunto: Distribución definitiva dos créditos das axudas escolares 2024/25 /Levantamento de reparo suspensivo e continuación do prodemento de concesión definitiva de subvencións para axudas escolares 2024/2025/Concesión definitiva das axudas escolares 2024-2025

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde-Presidente do Concello do Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) AVOCA a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto núm. 2023-806, do 20 de xullo de 2023 en base ao seguinte:

Antecedentes

- Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras do outorgamento das axudas escolares do Concello de Porto do Son publicadas no BOP 176 de 14.09.2012, modificadas segundo texto publicado no BOP núm. 171 do 08.09.2022
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/08/2024, polo que se aproba a convocatoria de axudas escolares 2024-2025
- Anuncio no BOP n.º 170, do 4/9/2024 a través da BDNS do extracto da convocatoria das axudas,
- As solicitudes presentadas e os requerimentos e documentación aportada durante a instrución constan no expediente sen que conste informe do órgano instrutor relativo ás solicitudes presentadas en tempo e forma e polo tanto tampouco o certificado correspondente.
- Informe do órgano instrutor, proposta do concelleiro de Servizos Sociais e Decreto da Alcaldía número 2024-1153 de 12 de novembro polo que se aprobou o expediente de transferencia de crédito 1/2024/TC09 para poder acordar a redistribución de créditos.
- Proposta do Alcalde á Xunta de Goberno Local de data 16/11/2024 de concesión provisional de subvencións para axudas escolares curso 2024-2025,
- Certificado do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 20/11/2024 polo que se aproba a concesión provisional de axudas escolares 2024-2025
- Certificado de auditoria, de publicación no taboleiro de anuncios indica que publicouse o acordo dende o día 27/11/2024 ata o 10/12/2024
- Proposta do órgano instrutor do 11/12/2024 de concesión definitiva de axudas escolares 2024-2025





- Informe de Intervención de reparo con núm. 2024-247 de data 17/12/2024, no que se pon de manifesto que formula os reparos por o seguinte motivo: “Fiscalizado de desconformidade ou con reparos. A Intervención se manifesta en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos do expediente examinado, e polo tanto formula os reparos por escrito polos incumprimentos sinalados ao longo do informe que se consideran requisitos e trámites esenciais con base no suposto art. 216.2.c) do RDL 2/2004: “No caso de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais”. Se devolve o expediente ao centro xestor aos efectos oportunos. O reparo é suspensivo de acordo co artigo 216/ TRLFL.
- Consta no expediente Informe do concelleiro delegado de Benestar Social e Igualdade coa proposta de levantamento de reparo de data 20/12/2024 que literalmente dí: “No que respecta ó último punto, as contía que se propoñen (15 € e 311,6 €) inferiores ás establecidas na convocatoria das axudas, enténdese que a proposta de concesión é correcta en cumprimento do establecido no art. 19.3 da LXS “O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada”. Así en canto a este punto e ó resto das conclusións sinaladas no informe da interventora do concello de Porto do Son, tendo en conta o carácter social destas axudas e co fin de chegar ó maior número de persoas beneficiarias posible, propón o levantamento do reparo por considerar conveniente continuar coa tramitación do procedemento coas contías ordenadas.”
- Consta informe do órgano xestor (o concelleiro delegado de Benestar Social e Igualdade) de data 30/12/2024 relativo a conta xustificativa das axudas escolares 2024-2025 dando cumprimento ao establecido no artigo 88.3 do Regulamento da LXS aos efectos de proceder ao pago das mesmas.

Consideracións xurídicas

No punto 1 da convocatoria de axudas escolares 2024-2025 se establece a posibilidade de redistribuír os créditos totais da mesma nos seguintes termos: “De acordo co artigo 5 das bases, esta contía máxima das subvencións convocadas se distribúe entre diferentes créditos orzamentarios con carácter estimativo, polo que a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria. Neste caso, con carácter previo á resolución da concesión, o órgano concedente deberá aprobar a distribución definitiva das subvencións e publicala nos mesmos medios que a convocatoria.”

Tendo en conta o establecido no artigo 8.2 das bases reguladoras, o cal indica: “o Alcalde ou órgano no que delegue, atendendo á proposta do órgano instructor, e previo informe da Intervención Municipal, resolverá motivadamente sobre o outorgamento ou denegación das axudas solicitadas. A resolución que se dite conterá a relación das persoas beneficiarias e os importes das axudas, así como a relación de solicitudes desestimadas con indicación dos motivos da desestimación”

Visto o informe de reparo de intervención 2024-247 de data 17/12/2024 e tendo en conta o artigo 217 do TRLRFL que establece: “Cando o órgano a que afecte o reparo





non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso".

Visto o artigo 10.1 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, do Réximen Xurídico do Sector Público que establece que *"1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente"*, e vistos os prazos da convocatoria e a data na que nos atopamos, para non paralizar a tramitación das axudas ata a celebración da vindeira Xunta de Goberno Local e cumprir cos prazos estipulados.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local relativa a modificación da convocatoria e bases reguladoras para o outorgamento de toda clase de subvencións en réxime de concorrència competitiva en relación ao expediente 1380/2024.

Segundo.- Aprobar a modificación da convocatoria de axudas escolares 2024/2025 e a distribución definitiva dos créditos establecida no punto primeiro da convocatoria en base ao Decreto da Alcaldía número 2024-1153 de 12 de novembro polo que se aprobou o expediente de transferencia de crédito 1/2024/TC09 quedando os créditos definitivos segundo o seguinte desglose:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Importe €
231.48001	material escolar	474,00
231.48001	transporte escolar	4.900,00
231.48001	conciliación	3.626,00
231.78001	informática	4.000,00
	TOTAL	13.000,00

Terceiro.- Enviar o extracto coa modificación da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Cuarto.- Levantar o reparo da intervención correspondente ao informe núm. 2024-247, de 17/12/2024 en base ao informe do concelleiro delegado de Benestar Social e Igualdade de data 20/12/2024 e continuar a tramitación do expediente de concesión das axudas escolares 2024/2025 dando traslado ao departamento de Intervención.

Quinto.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local relativa a aprobación con carácter definitivo da concesión das axudas escolares 2024-2025 desglosadas nas diferentes liñas en relación ao expediente 1380/2024.





Sexto.- Aprobar a concesión e denegación definitiva e o recoñecemento da obriga de pago das axudas escolares 2024-2025 nas seguintes liñas e polos importes que a continuación se indican:

LIÑA MATERIAL ESCOLAR:

- **Conceder** unha axuda para adquisición de material escolar para alumnas/os – Curso 2024-2025, con cargo á aplicación orzamentaria 231.48001 do orzamento 2024, ás seguintes persoas beneficiarias que cumpren os requisitos para a mesma e pola contía establecida na táboa.

Rexistro	Factura	RPC	%	Axuda
5714	213,30€	419,9€	50%	106,65€
5736	60€	571,47€	50%	30€
5762	60€	438,39€	50%	30€
5844	50€	204,09€	100%	50€
5847	35,40€	475,57€	50%	17,7€
2685	29,48€	521,32€	50%	14,74€
5789	100€	126,71€	100%	100€
TOTAL				349,09€

- **Denegar** a axuda para adquisición de material escolar para alumnas/os – Curso 2024-2025 ás seguintes persoas solicitantes polos motivos expostos máis abaixo.

N.º REX.	Motivo denegación
5681	Supera límite de ingresos
5884	No enmenda requerimento
2600	Supera límite de ingresos
5721	Supera límite de ingresos
5752	Supera límite de ingresos
5763	Supera límite de ingresos
5923	Alumno matriculado nunha modalidade non subvencionable
5811	Supera límite de ingresos
5877	Supera límite de ingresos
5878	Supera límite de ingresos
5885	Supera límite de ingresos
5883	Supera límite de ingresos
5881	Supera límite de ingresos
5875	Supera límite de ingresos





5861	Non enmenda requeremento
5840	Supera límite de ingresos

LIÑA DE TRANSPORTE ESCOLAR:

- **Conceder** unha axuda para adquisición de transporte escolar para alumnas/os – Curso 2024-2025, con cargo á aplicación orzamentaria 231.48001 do orzamento 2024, ás seguintes persoas beneficiarias por cumprir os requisitos para a obtención da mesma, pola contía establecida na táboa.

N.º REX.	R.P.C.	Contía axuda
2591	241,15€	300€
2710	423,24€	200€
5713	172,98€	300€
5735	165,168€	300€
5769	389,61€	400(2 x200€)
5815	217,14€	300€
5816	394,76€	200€
5838	377,52€	200€
5848	214,69€	300€
5849	378,78€	200€
5890	111,24€	300€
5900	547,13	100€
2699	141,98€	300€
5858	265,26€	300€
5891	129,45€	300€
5734	165,168€	600(2x300€)
5789	126,71€	300€

Total:4.900€

- **Denegar** a axuda para adquisición de transporte escolar para alumnas/os – Curso 2024-2025 ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto.

N.º REX.	Motivo denegación
-------------	-------------------





5853	Supera límite de ingresos
5902	Supera límite de ingresos
5648	Supera límite de ingresos
5799	Supera límite de ingresos
5835	Non enmenda requeremento
5896	Non enmenda requeremento

LIÑA DE CONCILIACIÓN:

- **Conceder** unha axuda para adquisición de conciliación para alumnas/os – Curso 2024-2025, con cargo á aplicación orzamentaria 231. 48001 do orzamento 2024, ás seguintes persoas beneficiarias por cumprir os requisitos para a obtención da mesma, ás seguintes persoas beneficiarias :

N.º REX.	R.P.C.	Nº axudas	Contía axuda
2549	599,30€	1	200€
5797	637,03€	2	400€
5807	576,79€	2	400€
5824	559,43€	2	400€
5842	305,31€	1	300€
5846	539,80€	1	400€
5872	237,97€	2	600€
5880	450,53€	1	300€
5892	301,23€	1	300€
5847	475,57€	1	15€
2685	521,32€	3	311,6€

Total:3.626€

- **Denegar** a axuda para adquisición de conciliación para alumnas/os – Curso 2024-2025 ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto.

N.º REX.	Motivo denegación
2552	Supera renda
5678	Supera renda





5791	Supera renda
2686	Supera renda
5904	Supera renda
5875	Supera renda
5895	Supera renda
5881	Supera renda
5923	Non presenta acreditación laboral

LIÑA DE AXUDAS INFORMÁTICAS:

- Conceder unha axuda para adquisición de MATERIAL INFORMÁTICO para alumnas/os – Curso 2024-2025, on cargo á aplicación orzamentaria 231. 78001 do orzamento 2024, ás seguintes persoas beneficiarias por cumprir os requisitos para a obtención da mesma, pola contía establecida na táboa.

N.º REX.	R.P.C.	Nº axudas	Contía axuda	
2592	180,24€	1	400€	
2628	32,97€	1	400€	
2751	536,31€	1	400€	
2652	451,165€	1	400€	
5839	355,19€	1	400€	
5876	269,59€	1	400€	Pide 2 axudas pero só se concede 1 axuda por familia
5871	126,71€	1	400€	
5898	217,14€	1	400€	
5901	547,13€	1	400€	
5891	129,45€	1	400€	
TOTAL			4.000,00€	

- **Denegar** as axudas para adquisición de MATERIAL INFORMÁTICO para alumnas/os – Curso 2024-2025 ás seguintes persoas solicitantes polo motivo exposto.

N.º REX.	Motivo denegación
2696	Non enmenda requerimento
2678	Supera renda





5895	Supera renda
5671	Beneficiaria a unidade familiar 5 anos antes desta convocatoria
5851	Beneficiaria a unidade familiar 5 anos antes desta convocatoria
5734	Beneficiaria a unidade familiar 5 anos antes desta convocatoria
5858	Beneficiaria a unidade familiar 5 anos antes desta convocatoria
2648	Renda superior a 600€
5648	Renda superior a 600€
5799	Renda superior a 600€
5793	Renda superior a 600€
5903	Beneficiaria a unidade familiar 5 anos antes desta convocatoria

Sétimo.- Imputar os gastos derivados do recoñecemento das obrigas correspondentes ás aplicacións orzamentarias 231.48001 e 231.78001 e ordenar o seu pagamento.

Oitavo.- Notificar ás persoas beneficiarias o presente acordo mediante a súa publicación na páxina web e no taboleiro da sede electrónica do Concello, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Noveno.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos municipais e a Xunta de goberno local na próxima sesión que se celebre.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Uxía Lemus de la Iglesia, como secretaria accidental, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

